



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Aprobación do padrón de taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de gas, auga e hidrocarburos 2022

ASUNTO: APROBACIÓN DO PADRÓN DE TAXAS POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE GAS, AUGA E HIDROCARBUROS 2022

EXPEDIENTE: 2021/X999/000074- 2022/G006/000034

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DAS TAXAS POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE GAS, AUGA E HIDROCARBUROS 2022

O 10/11/2017, o Concello de Abegondo aprobou definitivamente a Ordenanza fiscal reguladora da TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS publicada Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 4, do 5 de xaneiro de 2018.

Posteriormente á aprobación por parte deste concello da devandita Ordenanza fiscal, produciuse un novo e recente cambio de criterio por parte da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo no sentido da necesidade de ter en conta, á hora de fixar o tipo de gravame, a intensidade de uso do dominio público [sentenza núm. 1659/2020; sentenza núm. 1707/2020; sentenza núm. 1681/2020; Sentenza núm. 1702/2020; sentenza núm. 1682/2020; Sentenza núm. 1738/2020; sentenza núm. 1759/2020 e sentenza núm. 1783/2020]. Devandito Tribunal Supremo [así como os diferentes TSJ] entenderon que debía de procederse a deixar sen efecto o artigo 4.º [cota tributaria].

O Concello de Abegondo aprobou na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de marzo de 2022, o padrón correspondente ao Inventario da utilización privativa e aproveitamento especial de dominio público local das instalacións e transporte de gas, auga e hidrocarburos para o ano 2022.

O padrón das taxas polos servizos de taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, estará a disposición do público durante 15 días hábiles, que contarán dende a data de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Concello de Abegondo, San Marcos, s/n, CP 15318 Abegondo, en horario de 9.00 horas a 14.00 horas, e na sede electrónica municipal: sede.abegondo.gal.

O que se publica para os efectos oportunos.

Abegondo, 16 de marzo de 2022.

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2022/1483